

# **INFORME - MEMORIA FINAL DE PRÁCTICAS**

**Autor: Santos Riveiro, Pedro Pablo**

**DNI: 53483541P**

**Corpo: 590 Profesores de Enseñanza Secundaria**

**Especialidade: 590019 Tecnoloxía**

**Centro: 36007734 - IES Mendiño**

**Curso académico: 2025-2026**

**Fecha informe-Memoria final: 13/03/2026**

# Índice

|                                                                                   |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1 INTRODUCCIÓN.....                                                               | 3  |
| 2 CONTEXTUALIZACIÓN.....                                                          | 3  |
| 2.1 Localización e identificación do centro.....                                  | 3  |
| 2.2 Características do centro.....                                                | 3  |
| 2.2.1 Oferta educativa.....                                                       | 3  |
| 2.2.2 Instalacións.....                                                           | 4  |
| 2.2.3 Órganos de goberno.....                                                     | 4  |
| 2.2.4 Persoal del centro.....                                                     | 5  |
| 2.2.5 Horarios.....                                                               | 6  |
| 2.3 Características do alumnado.....                                              | 6  |
| 3 PERÍODO DE PRÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2025-26.....                            | 7  |
| 3.1 Distribución horaria e áreas a impartir.....                                  | 7  |
| 3.2 Horario persoal.....                                                          | 7  |
| 3.3 Actividade docente en Tecnoloxía e Dixitalización de 2º ESO.....              | 8  |
| 3.3.1 Organización e metodoloxía.....                                             | 8  |
| 3.3.2 Avaliación.....                                                             | 9  |
| 3.4 Actividade docente en Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 1º ESO..... | 10 |
| 3.4.1 Organización e metodoloxía.....                                             | 10 |
| 3.4.2 Avaliación.....                                                             | 11 |
| 3.5 Actividade docente en Matemáticas de 2º ESO.....                              | 12 |
| 3.5.1 Organización e metodoloxía.....                                             | 12 |
| 3.5.2 Avaliación.....                                                             | 13 |
| 3.6 Actividade de dedicación o centro.....                                        | 14 |
| 3.6.1 Tutoría.....                                                                | 14 |
| 3.6.2 Clube de ciencias.....                                                      | 14 |
| 3.7 Actividades de formación.....                                                 | 15 |
| 4 VALORACIÓN GLOBAL DO TRABALLO DESENVOLVIDO.....                                 | 15 |
| 4.1 Dificultades atopadas.....                                                    | 15 |
| 4.2 Axudas recibidas e agradecementos.....                                        | 15 |
| 4.3 Valoración de la propia práctica docente.....                                 | 16 |
| 5 CONCLUSIÓN.....                                                                 | 17 |

## **1 INTRODUCCIÓN**

Seguindo o mandato da ORDE do 14 de febreiro de 2025 no seu artigo 21.5 procedo no seguinte documento a expoñer neste informe unha memoria sobre a miña actividade nestes meses como funcionario en prácticas.

## **2 CONTEXTUALIZACIÓN**

### **2.1 Localización e identificación do centro**

O IES Mendiño atópase situado no municipio pontevedrés de Redondela. Estivo primeiro situado nun edificio da Xunqueira, o actual Multiusos, á beira da Casa do Concello pero no ano 1988, cambiou de localización e veu para o actual edificio, máis grande, moderno e funcional.

O nome do centro proven de Mendiño, un trobador galego-portugués da Idade Media, activo probablemente durante o século XIII. Aínda que se conservan moi poucos datos sobre a súa vida, a tradición literaria sitúao no ámbito das Rías Baixas, posiblemente relacionado coa contorna da ría de Vigo. A súa figura está estreitamente ligada á lírica galego-portuguesa medieval, un dos movementos poéticos máis relevantes da Europa medieval, no que os trobadores compuñan cantigas en lingua galego-portuguesa para seren interpretadas con acompañamento musical.

A historia do Mendiño é a historia de Redondela desde o anos setenta. Forma parte da historia persoal e íntima de milleiros de alumnos e alumnas que percorreron as súas aulas e corredores nunha etapa crucial da vida, xusto cando se deixa a infancia e se peta nas portas da madurez.

### **2.2 Características do centro**

#### **2.2.1 Oferta educativa**

O IES Mendiño é un centro de ensino sostido con fondos públicos dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Trátase dun centro que imparte tanto Educación Secundaria Obrigatoria como Bacharelato. O alumnado que cursa os seus estudos no IES Mendiño procede fundamentalmente da vila de Redondela e das súas distintas parroquias, como Cesantes, onde se atopa situado o instituto, Chapela, Cedeira, Reboreda ou Quintela . Ao tratarse dun instituto público de educación secundaria, o centro recibe principalmente estudantes que realizaron a educación primaria nos colexios adscritos da contorna, isto é: CEIP Outeiro das Penas, CEIP de Cedeira, CEIP de Quintela, fundamentalmente.

No curso 2025-2026 están matriculados no centro un total de 390 alumnos e alumnas, distribuídos en dous grupos de 1º ESO, tres grupos de 2º ESO, catro grupos de 3º ESO, catro grupos de 4º ESO; tres grupos de 1º de Bacharelato e dous grupos de 2º de Bacharelato.

### **2.2.2 Instalacións**

O centro organízase nun edificio de tres volumes rectangulares, conectados entre si. O volume principal consta de planta baixa e dúas plantas e atópase comunicado cos outros dous. No segundo volume está a vivenda do conserxe e no terceiro a sala de usos múltiples e a biblioteca. O centro conta con aulas ordinarias, destinadas á docencia das distintas materias, así como diversas aulas específicas como aulas para desdobres, a aula de convivencia, ou aula de polos creativos entre outras.

Como aulas específicas, destacan o taller de tecnoloxía, a aula de debuxo e a aula de música, equipadas con materiais e recursos didácticos adecuados para o traballo práctico destas disciplinas.

No ámbito deportivo, o centro dispón dun ximnasio e espazos deportivos, empregados para o desenvolvemento das clases de Educación Física e para a realización de actividades deportivas e complementarias.

Ademais, o centro dispón dun laboratorio de bioloxía e xeoloxía, e doutro de física e química e tamén de unha aula de informática.

O instituto conta tamén cunha biblioteca escolar, concibida como un espazo de consulta, lectura e apoio ao estudo, así como con unha aula de usos múltiples de gran capacidade.

A estas instalacións súmanse outras dependencias destinadas aos departamentos didácticos, despachos para orientación educativa, dirección, xefatura de estudos, secretaría, sala de profesores, cafetería, etc.

### **2.2.3 Órganos de goberno.**

A organización e goberno do centro, así como o deseño de toda a práctica educativa, está recollida nos diferentes documentos que rexen o seu respectivo funcionamento. Entre estes documentos destacamos a Programación Xeral Anual (PXA), na que veñen recollidos todos os plans cos que conta o centro: Plan Dixital, plan PROXECTA, plan de biblioteca, plan de lectura, etc. Outros documentos importantes son as Memorias Anuais, así como as Programacións Didácticas dos diferentes departamentos que compoñen a práctica educativa.

O goberno efectivo do centro é levado a cabo polos distintos órganos que a continuación se mencionan:

- Órganos de goberno unipersoais:
  - Directora: Maria del Carmen Vallejo Pérez.
  - Xefe de Estudos: Maxi Piñeiro Vidal.
  - Secretario: Francisco Bonanad Calviño.
- Órganos de goberno colexiados:
  - Consello Escolar: órgano que permite a participación na xestión do centro e na toma de decisións aos distintos membros da comunidade educativa. Está conformado pola directora, que o preside, o xefe de estudos, o secretario, cinco profesores, dous representantes do alumnado, dous representantes dos pais e nais e un representante do Concello. Á súa vez existe unha Comisión de Convivencia.
  - Claustro de Profesores: conformado pola totalidade do profesorado do centro. Está presidido pola directora, onde se aproban ou se rexeitan as actividades propostas polos departamentos.
- Órganos de coordinación docente: nestes inclúese a Comisión de Convivencia, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística; o departamento de Orientación e todos os departamentos didácticos.

#### **2.2.4 Persoal del centro.**

O persoal do centro está integrado por 41 docentes e 3 non docentes (persoal de conserxería e administración) ademais do persoal de limpeza e cafetería. A división por departamentos do profesorado é a seguinte:

- Departamento de Inglés: 3 profesores.
- Departamento de Francés: 2 profesoras.
- Departamento de Lingua Castelá e Literatura: 4 profesores.
- Departamento de Lingua Galega e Literatura: 5 profesores.
- Departamento de Xeografía e Historia: 3 profesores.
- Departamento de Relixión: 1 profesores.

- Departamento de Música: 1 profesor.
- Departamento de Educación Plástica: 1 profesora.
- Departamento de Tecnoloxía: 3 profesores.
- Departamento de Bioloxía y Xeoloxía: 3 profesores.
- Departamento de Física y Química: 2 profesores.
- Departamento de Matemáticas: 5 profesores.
- Departamento de Educación Física: 2 profesores.
- Departamento de Latín de grego: 1 profesor.
- Departamento de Filosofía: 1 profesora.
- Departamento de Economía: 2 profesores.
- Departamento de Orientación: 2 profesores, incluíndo un PT.

### **2.2.5 Horarios**

O horario de funcionamento do centro en época lectiva é de luns a venres de 8.30h a 14.00h, incluíndo a tarde do luns de 16.15h a 17.55h. O horario lectivo distribúese diariamente ao longo de seis sesións de 50 minutos de duración, xunto cun recreo de 30 minutos entre as 11.00h e as 12.30h. Durante o período estival o centro permanece aberto no mes de xullo de luns a venres entre as 9.00h e as 14.00h para a realización de trámites administrativos (matrículas, axudas, etc.).

Durante o mes de agosto o centro permanece pechado.

Finalmente, cabe sinalar que o servizo de cafetería está dispoñible en tempada lectiva de luns a venres entre as 8.30h e as 14.00h.

## **2.3 Características do alumnado**

O alumnado do centro procede de familias principalmente de clase traballadora e clase media-baixa ou media, cunha parte relevante de familias empregadas en industria, servizos e pequenas empresas.. A participación das familias como colectivo na vida do centro é baixa. Existen, aínda así, alumnos e alumnas con pais titulados en estudos superiores, que gozan dun mellor nivel económico e hábitos de estudo máis consolidados. A maioría do alumnado é de orixe galega.

Tal e como sinalamos anteriormente, no curso actual atópanse matriculados no IES Mendiño un total de 390 alumnos e alumnas, distribuídos nos seguintes niveis educativos:

| CURSO        | Nº GRUPOS | Nº ALUMNOS/AS |
|--------------|-----------|---------------|
| 1º ESO       | 2         | 46            |
| 2º ESO       | 3         | 79            |
| 3º ESO       | 4         | 65            |
| 4º ESO       | 4         | 74            |
| 1º BAC       | 3         | 70            |
| 2º BAC       | 2         | 56            |
| <b>TOTAL</b> | <b>18</b> | <b>390</b>    |

En 3º e 4º ESO un dos grupos corresponde a proxecto de diversificación curricular (PDC) e polo tanto son grupos reducidos.

Podemos atopar no centro un número importante de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo que precisan unha atención individualizada e apoios en moitos casos.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro especifica todo o conxunto de medidas adaptadas para atender as diferentes e diversas necesidades dos alumnos con estas características.

### **3 PERÍODO DE PRÁCTICAS NO CURSO ACADÉMICO 2025-26**

#### **3.1 Distribución horaria e áreas a impartir.**

O departamento de Tecnoloxía no presente curso escolar 2025/26 integrámolo tres profesores: Mónica Tortajada Bermúdez (Xefa de Departamento e a miña titora de prácticas); Ana María Baltasar Pazos e máis eu, Pedro Pablo Santos Riveiro.

#### **3.2 Horario persoal**

O meu horario persoal semanal é de 23 sesións no centro, que se distribúen impartindo clase nos seguintes grupos:

- Tecnoloxía e dixitalización [TeD] 2º ESO (2º ESO A, B e C)
- Educación Plástica Visual e Audiovisual [EPVA] (1º ESO A e B)
- Matemáticas [Mat] (2º ESO C (só medio grupo))

A maiores teño a titoría do grupo 2º ESO B e gardas de aula ata completar horario.

A distribución do horario é a seguinte:

|             | LUNS                      | MARTES         | MÉRCORES        | XOVES              | VENRES         |
|-------------|---------------------------|----------------|-----------------|--------------------|----------------|
| 8:30-9:20   | TeD<br>2ºESO C            | TeD<br>2ºESO B | TeD<br>2ºESO A  | Mat<br>2ºESO C     | TeD<br>2ºESO A |
| 9:20-10:10  | Atención a<br>nais e pais | TeD<br>2ºESO C | GARDA           | GARDA              | GARDA          |
| 10:10-11:00 | EPVA<br>1ºESO A           | TeD<br>2ºESO A | Mat<br>2ºESO C  |                    |                |
| 11:00-11:30 | R E C R E O               |                |                 |                    |                |
| 11:30-12:20 |                           |                |                 | TeD<br>2ºESO C     | Mat<br>2ºESO C |
| 12:20-13:10 |                           |                | TeD<br>2ºESO B  | EPVA<br>1ºESO A    | GARDA          |
| 13:10-14:00 |                           |                | EPVA<br>1ºESO A | TITORÍA<br>2ºESO B | TeD<br>2ºESO B |

|             |                 |
|-------------|-----------------|
| 16:15-17:05 | Mat<br>2ºESO C  |
| 17:05-18:55 | EPVA<br>1ºESO A |

### 3.3 Actividade docente en Tecnoloxía e Dixitalización de 2º ESO.

#### 3.3.1 Organización e metodoloxía

Esta materia segue o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con tres sesións semanais.

Seguindo o currículo marcado nesta orde fíxose a programación da materia por parte do departamento de tecnoloxía, a cal se estableceu que se desenvolva da seguinte maneira:

#### PRIMEIRA AVALIACIÓN.

U01. O Proxecto tecnolóxico.

U02. Deseño e fabricación dixital.

## SEGUNDA AVALIACIÓN.

U03. Mecanismos

U04. Electricidade e electrónica.

## TERCEIRA AVALIACIÓN.

U05. Programación e robótica.

U06. Utilización das TIC.

A metodoloxía empregada trata de combinar un traballo teórico ca práctica no taller construíndo prototipos e tamén na aula resolvendo problemas ou simulando en programas informáticos axeitados a materia tratada en cada unidade.

A primeira avaliación adicámola a facer un proxecto de hotel para insectos beneficiosos, partindo da investigación preliminar sobre o tema, explicando e practicando as nocións básicas para xerara unha documentación técnica e traballando no taller para construír un prototipo funcional da solución a que se chegou. Para realizar este traballo aprendemos nocións de debuxo técnico, tanto a man como mediante uso de software CAD 2D (Librecad) e modelado 3D (Tinkercad).

Na segunda avaliación actualmente, estamos traballando con mecanismos, aprendendo a calcular pancas, poleas e engrenaxes. A idea integrar nun so proxecto de taller as nocións de mecanismos e electricidade aprendidas nun futuro próximo.

A terceira avaliación adicarámola a programación e robótica así como o uso das TIC.

### **3.3.2 Avaliación**

Comezamos o curso facendo unha avaliación inicial en todos os grupos, baseada en coñecementos básicos relacionados fundamentalmente ca materia de 1º. Esta avaliación inicial non puntúa para nota pero achegoume información sobre o nivel de coñecementos do alumnado. Ademais, o día 7 de outubro o equipo docente de 2º de ESO reunímonos para facer a avaliación inicial, onde os titores, os profesores e orientación, demos a coñecer os resultados destas avaliacións e comentamos as características particulares de cada alumno. Isto permitíume recoller máis información sobre o alumnado e a diversidade na aula. Posteriormente a avaliación inicial, considerouse axeitado facer una adaptación curricular a catro alumnos na materia de Tecnoloxía e Dixitalización, o que implicou a realización no PROENS dunha adaptación da programación individualizada para cada un dos casos.

Para avaliar a materia, utilizáronse instrumentos diversos que quedan divididos en dous grandes grupos: probas escritas cun peso dun 60% e actividades avaliadas con táboas de indicadores como poden ser os prototipos de taller ou as prácticas de librecad ou tinkercad que teñen un peso dun 40% e que tamén inclúen o traballo diario na aula ou no taller. Todas estas notas quedaron rexistradas na aula virtual da plataforma edixgal, nas “cualificacións” para que o alumnado poda consultar en todo momento as súas notas e pesos dentro da materia.

Os resultados na primeira avaliación foron moi satisfactorios ao ter un 87,5% do alumnado aprobado e unha media xeral de 6,73.

O alumnado que tiña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, ten que realizar unha serie de boletíns e tamén tres probas escritas, tendo dereito a unha proba final global de ser necesaria.

Neste caso, os alumnos que teñen a materia pendente de primeiro son sete, dous deles con ACI o cal implica unhas actividades e probas adaptadas.

Polo de agora, os alumnos tiveron unha primeira data de entrega de boletíns de exercicios así como a proba escrita correspondente ó primeiro parcial, que se realizou o 25 de novembro.

En termos xerais os resultados non foron bos. En liñas xerais a maioría non mostran excesivo interese por recuperar a materia pendente, pois non entregan os boletíns e van ó exame sen preparar nada. Posteriormente o primeiro exame, entregóuselles o segundo boletín que deben entregar antes da realización da seguinte proba escrita. Unha vez feita esta, entregaráselles as últimas actividades que teñen que realizar e entregar e faráselles a última proba nas datas acordadas na programación.

### **3.4 Actividade docente en Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 1º ESO.**

#### **3.4.1 Organización e metodoloxía**

Esta materia segue o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con dúas sesións semanais. Impártoa como materia afín.

Seguindo o currículo marcado nesta orde fíxose a programación da materia por parte do departamento de debuxo, a cal se estableceu que se desenvolva da seguinte maneira:

## PRIMEIRA AVALIACIÓN.

U01. Trazados xeométricos fundamentais.

U02. Sistemas de representación.

## SEGUNDA AVALIACIÓN.

U03. A linguaxe visual.

U04. Técnicas planas.

U05. Técnicas tridimensionais.

## TERCEIRA AVALIACIÓN

U06. O arte na historia.

U07. A imaxe.

U08. O cómic.

A metodoloxía empregada depende moito da unidade a tratar. Nas dúas primeiras, nas que traballamos durante a primeira avaliación, realizamos un traballo na clase diario en prácticas que había que entregar, e que ademais lles axudaban a adquirir as destrezas para superar con éxito unha proba escrita que realizaron ó final de cada unha das unidades didácticas. Nesta avaliación, traballamos fundamentalmente o debuxo técnico, con prácticas relacionadas co uso das ferramentas de debuxo, os tipos de liñas e trazados fundamentais, sistemas de representación, etc.

Por outra banda, na segunda avaliación, tal e como ven recollido na programación didáctica da materia, non hai proba escrita xa que as unidades tratadas avaliaranse unicamente mediante traballos. Polo de agora, fixemos un total de sete prácticas sobre a teoría da cor, puntillismo, liña, textura, collage, etc.

### **3.4.2 Avaliación**

Comecei o curso facendo unha avaliación inicial por medio dunha serie de preguntas e debates co grupo, sobre coñecementos de plástica e debuxo técnico que traían da primaria. Esta avaliación inicial non puntúa para nota pero achegoume información sobre o nivel de coñecementos do alumnado. Ademais, o día 7 de outubro o equipo docente de 1º de ESO reunímonos para facer a avaliación inicial, onde os titores e os profesores deron a coñecer os resultados desta e comentaron as características particulares de cada alumno. Isto permitíume recoller máis información sobre o

alumnado e a diversidade na aula. Non se considerou necesario adaptar o currículo de EPVA a ningún dos alumnos.

Tal e como recolle a programación do departamento de EPVA, na primeira avaliación a nota das dúas unidades didácticas repártese nun 40% probas escritas, outro 40% traballos entregados e o 20% restante no traballo diario de clase. Na segunda e terceira avaliación, non hai probas escritas pasando a ser o 80% da nota os traballos entregados, e o 20% restante o traballo diario de clase. Todas estas notas quedaron rexistradas na aula virtual da plataforma edixgal, nas “cualificacións” para que o alumnado poda consultar en todo momento as súas notas e pesos dentro da materia.

Os resultados na primeira avaliación foron moi satisfactorios ao ter un 92% do alumnado aprobado e unha media xeral de 6,86.

### **3.5 Actividade docente en Matemáticas de 2º ESO.**

#### **3.5.1 Organización e metodoloxía**

Esta materia segue o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con catro sesións semanais.

Seguindo o currículo marcado nesta orde fíxose a programación da materia por parte do departamento de matemáticas, a cal se estableceu que se desenvolva da seguinte maneira:

#### **PRIMEIRA AVALIACIÓN.**

U01. Números enteiros. Potencias e raíces.

U02. Fraccións e decimais.

U03. Sistemas de medida. Proporcionalidade e porcentaxes.

U04. Álgebra.

#### **SEGUNDA AVALIACIÓN.**

U05. Ecuacións e sistemas.

U06. Semellanza e Pitágoras.

U07. Lonxitudes e áreas. Corpos xeométricos.

## TERCEIRA AVALIACIÓN.

U08. Funcións. Táboas e gráficas.

U09. Estatística.

\*A maiores, existe unha “U10. As matemáticas para a vida en sociedade” que ten carácter transversal, e que polo tanto se trata durante todo o curso.

A metodoloxía empregada consiste na explicación dunha base teórica e posterior traballo práctico mediante a resolución na clase de exercicios e problemas traballando individualmente ou en grupo. A maiores, periodicamente, realizase probas curtas nas que poden utilizar os seus apuntamentos e que puntúan para a nota da materia.

Na primeira avaliación estivemos traballando cas tres primeiras unidades: números enteiros, fraccións, decimais, álgebra, etc. Realizando un total de tres exames e catro probas curtas.

Na segunda avaliación seguimos con álgebra, xa que non nos dou tempo a rematala na primeira e agora estamos con ecuacións e sistemas de ecuacións. Polo momento levamos dous exames e cinco probas curtas.

### 3.5.2 Avaliación

Comezamos o curso facendo unha avaliación inicial en todos os grupos, baseada en coñecementos básicos relacionados fundamentalmente ca materia de 1º. Esta avaliación inicial non puntúa para nota pero achegoume información sobre o nivel de coñecementos do alumnado. Ademais, o día 7 de outubro o equipo docente de 2º de ESO reunímonos para facer a avaliación inicial, onde os titores, os profesores e orientación, demos a coñecer os resultados destas avaliacións e comentamos as características particulares de cada alumno. Isto permitíume recoller máis información sobre o alumnado e a diversidade na aula. Non se considerou necesario facer ningunha adaptación curricular os alumnos que teño na materia de matemáticas.

Para avaliar a materia utilízanse fundamentalmente as probas escritas cun peso dun 80% e as probas curtas cun peso do 20% restante. Todas estas notas quedaron rexistradas na aula virtual, nas “cualificacións” para que o alumnado poda consultar en todo momento as súas notas e pesos dentro da materia.

Os resultados na primeira avaliación foron moi satisfactorios ao ter un 100% do alumnado aprobado e unha media xeral de 7,50.

Cabe destacar que a diferenza das outras dúas materias nas que dou clase, en matemáticas so traballo con medio grupo, tendo que coordinarme con outros dous compañeiros que se encargan de dar o resto dos segundos.

Tamén é interesante resaltar o feito de que o grupo estea desdoblado, contando unicamente con 14 alumnos, cousa que fai moito máis fácil e produtiva a labor docente.

O alumnado que tiña a materia de Matemáticas de 1º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, ten que realizar unha serie de boletíns e tamén dúas probas escritas.

Neste caso, unicamente tiveron un alumno ca materia pendente.

Este alumno negouse a realizar os exames e tampouco entregou boletíns co cal non ía en camiño de recuperar a materia. Ademais, debido actualmente xa non cursa os seus estudos no IES Mendiño co cal no número de alumnos ca materia pendente de matemáticas que eu teño pasou a ser cero.

### **3.6 Actividade de dedicación o centro.**

A dedicación ao centro dentro da labor docente inclúe a participación activa nos órganos colexiados e nos equipos de coordinación docente, contribuíndo á organización e mellora da actividade educativa. Tamén comprende a colaboración na planificación e posta en marcha de actividades extraescolares e doutras iniciativas que dinamizan a vida do centro. Ademais, inclúe tarefas de orientación e tutoría para acompañar ao alumnado no seu proceso académico e persoal.

Durante o período de prácticas participei nos claustros e nas reunións de Departamento, colaborando na coordinación e na toma de decisións sobre a actividade educativa.

#### **3.6.1 Tutoría**

Na miña labor de titora do grupo de 2ºESO B, realizo a atención a pais/nais os luns a segunda hora, sendo rara a semana na que non hai unha familia que atender. Nas sesións semanais co grupo, os xoves a última hora, adoito traballar con eles con material que moitas veces me aporta Susi, de orientación, indicada par

#### **3.6.2 Clube de ciencias**

Os luns a mediodía, un pequeno grupo de alumnado de 1º e 2º da ESO quedan a comer e de 15.00h a 16.00h realizamos actividades no Clube de Ciencias, planificadas por membros dos departamentos de Física e Química, Bioloxía, Matemáticas e Tecnoloxía.

Ata o de agora, dende o departamento de Tecnoloxía do cal participamos eu e Mónica, fixemos: unha práctica na que os alumnos construíron un foguete feito cunha botella, bicarbonato e vinagre; e outra na que aproveitando os robots “mBot Ranger” que hai no centro, traballaron na montaxe destes e na programación dun semáforo cas luces do propio robot.

A maiores axudamos as compañeiras dos outros departamentos na preparación e desenvolvemento do resto de prácticas que fomos realizando ata o de agora.

### **3.7 Actividades de formación.**

A maiores da práctica docente e dos cursos de obrigatoria asistencia para o funcionario en prácticas, os de galego e igualdade así como a presentación no Gaiás, tamén asistín nestes meses a diversas actividades de formación desenvolvidas polos CFR de Vigo e Pontevedra:

- A materia de intelixencia artificial para a sociedade en secundaria (20 horas)
- Robótica educativa e programación en secundaria (12 horas).
- Aprendizaxe automática e robótica con Intelixencia artificial nos Polos creativos (12 horas)

## **4 VALORACIÓN GLOBAL DO TRABALLO DESENVOLVIDO**

### **4.1 Dificultades atopadas**

Levo cinco cursos traballando como docente, co cal non era unha experiencia nova para min, pero sempre o fixen como substituto, e ademais na especialidade de matemáticas, polo que o a principal dificultade foi adaptarme a dar clase en dúas materias nas que non cotaba con experiencia previa (tecnoloxía e dixitalización e EPVA). Por sorte, tanto en tecnoloxía como en debuxo contei con axuda por parte dos compañeiros dos respectivos departamentos que me facilitou moito o tema.

Outra das dificultades foi que, por primeira vez dende que traballo como docente, tiven que asumir unha titoría, o que implica un traballo e unhas preocupacións que se suman ó resto da labor docente xa de por si suficiente. Neste caso a axuda de Maxi, o xefe de estudos está sendo fundamental.

### **4.2 Axudas recibidas e agradecementos**

En primeiro lugar quero destacar a axuda recibida polo miña titora Mónica Tortajada, a miña xefa de departamento, que dende o primeiro momento me axudou con recursos e consellos que me fixeron máis fácil a tarefa docente nunha materia ca que nunca traballara. Tamén me gustaría mencionar a Ana Baltasar, compañeira de departamento que me axudou e aconsellou en múltiples ocasións axudada pola súa experiencia.

En segundo lugar hai que destacar o labor de todo o equipo directivo, dende Carme, a directora, ca que dende o primeiro momento puideron contar en tarefas administrativas ou dúbidas que puidera ter, así como en facilitar a organización de actividades como o torneo de xadrez; Maxi, o xefe de estudos, que me axuda no día a día a xestionar unha titoría complicada entre outras moitas cousas; Fran o secretario, que sempre respondeu positivamente cando precisei algo del, e o co cal traballei facendo un proxecto interdisciplinar na construción do monocordio; e Olga, a vicedirectora, ca que me encanta colaborar cando se trata de asar uns chourizos, facer un chocolate, un ARTELixo cos de 1º da ESO ou un concurso dos hoteis para bichos feitos co grupo de 2º ESO.

En terceiro lugar quero resaltar ao resto de profesorado do IES Mendiño. Neste curso atopeime cun grupo de compañeiros magnífico. Considero que o ambiente no que se desenvolve o traballo é moi importante á hora de que o labor docente destaque pola súa calidade, e véxase reflectida nos resultados dos alumnos. No centro considero que en xeral, o ambiente é moi bo, o que está a facer que o meu período de prácticas estea a ser moi satisfactorio.

Por último teño que agradecer o traballo do persoal non docente do IES Mendiño, en especial a Uxío o conserxe, a Fon na cafetería e as compañeiras que limpan todos os días as desfeitas que moitas veces lles deixamos na aula ou no taller. Tamén os meus alumnos deste curso xa que no proceso de ensino-aprendizaxe eles son os protagonistas; e ás súas familias, fundamentais na labor de educación, e sen as cales é moi complicado sacalos a diante.

#### **4.3 Valoración de la propia práctica docente.**

Síntome a gusto realizando o labor docente e débese en gran medida ao grupo de persoas que me estou atopando no IES Mendiño. Sinto que segundo van pasando os días vou collendo maior confianza, vou mellorando e sentíndome máis cómodo na miña labor como profesor. Cando comecei fai cinco anos non as tiña todas comigo, e en ocasións cheguei a preguntarme se isto era realmente o meu, pero co tempo, un vaise adaptando, se realmente lle gusta, e comeza a desfrutalo cada vez máis e a ter cada vez menos momentos malos.

Por suposto hai moito que mellorar. No seguinte curso que teña que dar tecnoloxía e EPVA implementarei todo o aprendido e solucionarei erros e malas decisións que cometín neste curso por ser novel. Aínda así considero que non o estou facendo tan mal, o feedback que recibo dos compañeiros é bo, o que me fai sentir moi ben e tranquilo co meu traballo.

## 5 CONCLUSIÓN

A fase de prácticas supuxo unha etapa fundamental para consolidar a formación docente na especialidade de Tecnoloxía. Durante este período foi posible desenvolver competencias relacionadas coa planificación didáctica, a xestión da aula e a atención á diversidade do alumnado.

A docencia na materia de Tecnoloxía permitiu aplicar metodoloxías activas e prácticas que favorecen a participación do alumnado e o desenvolvemento do pensamento crítico, a resolución de problemas e o traballo colaborativo. Ademais, a coordinación co departamento e a participación nas diferentes actividades do centro contribuíron a comprender a importancia do traballo en equipo no ámbito educativo.

En conxunto, esta experiencia resultou moi enriquecedora tanto a nivel profesional como persoal, reforzando a motivación pola docencia e proporcionando ferramentas e aprendizaxes que serán de gran utilidade para o futuro exercicio da profesión docente.

En Redondela, 13 de Marzo do 2026

Firmado: Santos Riveiro, Pedro Pablo